

Memoria Anual de Actividades 2009

Esta memoria foi elaborada polo equipo de documentación de Implicadas no Desenvolvemento cos materiais aportados por todo o voluntariado.

Coordina: María José Meilán García

Fotos: Implicadas no Desenvolvemento

Índice de contidos

1. INTRODUCCION

Implicadas/os No Desenvolvemento

Misión

Visión

Principios e criterios

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1 COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO

India

Etiopía

2.2 ACTIVIDADES EN GALICIA

2.2.1 Formacion

2.2.2 Participación en congresos e foros

2.2.3 Conferencias

2.2.4 Proxectos multidisciplinares

2.2.5 Exposicións

2.2.6 Club de lectura

2.2.7 Actividades dos grupos locais

- LUGO

- SANTIAGO

- VIGO

3. PUBLICACIÓN

4. PRENSA E COMUNICACIÓN

5. ORGANIZACIÓN INTERNA.

6. VOLUNTARIADO

7. RELACIONES CON OTRAS ORGANIZACIONES

8. FINANCIAMIENTO

9. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN:

MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto co grupo das mulleres a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e a contribución a unha vida digna para todas as persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

VISIÓN

IND entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece ás dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

PRINCIPIOS E CRITERIOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO réxese polos seguintes principios fundamentais

- IND é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.
- IND é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.
- IND fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- IND traballa desde o enfoque de xénero a todos os niveis, o cal implica unha política activa de superación da discriminación das mulleres e de facer oír a voz da metade da humanidade.

- IND cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituír a metade da poboación constituímos a maioría das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.
- IND é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo e promove
- IND traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
- IND fundamenta as súas intervencións no terreo nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades de xeito que se dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- IND é unha organización de base voluntaria.
- IND non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de IND.
- IND define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas. IND ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (véxase a tsunami no surleste asiático durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de IND ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que non unen

vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.

- IND traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións para contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.
- IND busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1 COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Durante o ano 2009 seguimos a traballar intensamente en varios proxectos postos en marcha En India e Etiopía.

Estes proxectos foron:

- Empoderamento de Mulleres en Mersa (I e II) .
- Desenvolvemento Urbano Comunitario en Addis Abeba, en Etiopía.
- Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem, na India.
- Corredor de Desenvolvemento Tiruchy- Tanjavur- Karaikal

INDIA

Erradicación do infanticidio feminino en Salem

Localización: Distrito de Salem, no estado de Tamil Nadu (India)

Contraparte: People´s Development Initiatives (PDI)

Financiación: Xunta de Galicia e Implicadas/os no Desenvolvemento

Custo do proxecto: 26.277,33€

Resumo do proxecto

O infanticidio feminino é unha práctica estendida no noroeste da India e no cinturón occidental do estado de Tamil Nadu, o que provoca que Salem sexa o lugar do mundo onde unha nena ten menos opcións de sobrevivir.

Os motivos que se dan para a práctica do INFANTICIDIO FEMININO son o dote (motivo polo que as familias



empobrecidas quedan endebedadas de por vida), a necesidade de controlar a sexualidade das mulleres, a “inutilidade” de ter unha filla, que se considera un ben que pasará a outras mans (xa que tralo matrimonio deixará o seu fogar para marchar coa familia do seu esposo), así coma o feito de que as mulleres “poñan en perigo” o futuro familiar porque a discriminación que sofren lles impide herdar terras.

O informe de Desenvolvemento Humano de Tamil Nadu afirma que o infanticidio é unha importante lacra social e o relaciona con outros indicadores da desigualdade de xénero. O dato máis evidente é a balanza de sexos de 929 mulleres por 1.000 homes, fronte ó do estado de Tamil Nadu (982 mulleres por cada 1.000 homes), e aínda moi por detrás da tendencia natural de máis nacementos de nenas ca de nenos. Outros indicadores relativos á desigualdade de xénero son a baixa alfabetización das mulleres, o alto índice do traballo infantil feminino e a desigualdade nas rendas. O traballo coa poboación de Salem permitiu constatar a preferencia extrema polo varón, o maltrato ás nenas e ás mulleres nais de nenas e tamén o positivo dunha intervención que plantexa apoios integrais e mantidos no tempo en base á sensibilización da cidadanía e o apoio psicolóxico para contribuír ó obxectivo de erradicación desta práctica.

Este proxecto traballa por terceiro ano consecutivo (setembro 2009- agosto 2010) o obxectivo de diminuír o infanticidio feminino e para isto buscar diminuír a desigualdade de xénero cambiando as percepcións sociais de homes e mulleres. Ao enfocar o problema deste xeito tamén se incidie na resolución doutras prácticas que atentan contra os dereitos das mulleres (violencia estrutural, económica, cultural e física) dende a infancia ata a idade adulta.

A **poboación beneficiaria** do proxecto será de:

- 1020 nais de nenas
- 1200 mulleres embarazadas
- 1440 adolescentes (720 mozos e 720 mozas)
- a familia das nais de nenas e o resto da comunidade (un total de aproximadamente 200.000 persoas)

Os **resultados** que se pretenden conseguir coa posta en marcha deste terceiro ano do proxecto son tres:

- incrementar a autoestima e o grao de empoderamento das mulleres
- incrementar o nivel de aforro e a circulación dos cartos entre as nais de fillas
- incrementar o grao de aceptación e valoración das mulleres e nenas e os seus dereitos entre a comunidade.

Para iso, as **accións** que se levarán a cabo durante este proxecto son:

- Selección e sensibilización das mulleres con máis risco de cometer infanticidio e as súas familias: O proxecto compilará a lista de mulleres embarazadas nas zonas seleccionadas e fixará a atención naquelas que sexan nais dunha ou varias fillas (que son as que teñen máis risco de cometer infanticidio), co obxectivo de animalas a facer un seguimento médico do embarazo e acompañalas e sensibilizalas (tanto a elas como ás súas familias) sobre a importancia de aceptar as súas fillas e respectar o seu dereito á vida.
- Proporcionar apoio psicolóxico especializado ás nais de fillas e ás súas familias para axudar a resistir a presión social e evitar o infanticidio: identificáronse a aquelas mulleres embarazadas dos catro bloques que soportan unha presión especialmente forte no seu entorno para sensibilizalas sobre a aberración que supón a práctica do infanticidio e as saídas que poden atopar sen ter que asasinar á cativa.
- Crear un Centro de Apoio ás Mulleres: ten por obxectivo asesorar e dar apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero ou que se atopan baixo unha forte presión familiar e/ou social. O apoio que se lles dará será de tipo legal.
- Crear 50 novos grupos de autoaxuda (ou de aforro e crédito) nos que participarán arredor de 600 mulleres con alto risco de cometer infanticidio e fortalecer ós 31 grupos de autoaxuda creados polo programa en anos anteriores e nos que están participando 350 mulleres.
- 36 campañas de sensibilización a través do teatro de rúa sobre os dereitos das mulleres, o infanticidio, outras formas de violencia de xénero e os patróns de xénero
- Realizar un estudo sobre a percepción que as mulleres teñen sobre as nenas: Elaborarase un estudo sobre a percepción que teñen as mulleres sobre as nenas. A Doutora Manimekalai, Directora do Centro de Estudos para as Mulleres na Universidade de Bharathidasan (Tiruchirappali) e a Doutora Venktachalam, do departamento de socioloxía da Universidade de Periyar (Salem) acordaron ofrecer a súa experiencia en tarefas de consultoría para facilitar o estudo. O

estudio ten como obxectivo establecer un futuro plan de acción máis amplo na área que se desenvolve o proxecto.

36 cursiños sobre “capacidades para a vida” para 1440 adolescentes (50% mozos e 50% mozas) co propósito de sensibilizar á poboación adolescente en cuestións de igualdade de xénero e roles de xénero para que sexan coñecedoras/es dos seus

NOME DO PROXECTO: Corredor de Desenvolvemento

Localización: Estados de Tamil Nadu e Pondichery (India)

Contraparte: People´s Development Initiatives (PDI)

Financiación: Implicadas/os no Desenvolvemento

Custo do proxecto: 30.806,5€

Resumo do proxecto

Este programa pretende crear un “corredor de desenvolvemento” entre dous distritos de Tamil Nadu (Tiruchy e Thanjavur) e un en Pondicherri (Karaikal), ubicados no sueste da India, enfatizando a superación das interaccións entre a pobreza rural e urbana e a discriminación de xénero. No ano 2009 comezouse co segundo ano de funcionamento do programa, que ten un período total previsto de catro anos.

O Informe sobre Desenvolvemento Urbano de Tamil Nadu indica que a emigración das zonas rurais ás urbanas é un dos grandes problemas do estado, dado que reverte na formación de suburbios, un problema en absoluto irrelevante se temos en conta que Tamil Nadu é o estado da India máis urbanizado. En base a esta problemática este programa integra nas súas accións tanto zonas rurais como urbanas. Nas vilas afectadas polo proxecto existe unha situación de pobreza xeneralizada que impulsa á emigración ás cidades próximas, Thanjavur e Tiruchy, e unha vez nelas a poboación migrante desenvolve patróns de marxinalidade urbana, dato que queda constatado polos máis de 100 suburbios cos que conta cada unha das cidades incluídas neste proxecto. Ademais, no extremo do corredor atópase o distrito de Karaikal, unha das zonas máis afectadas pola tsunami de 2004.

Tal e como é recoñecido polas Nacións Unidas como por outros organismos internacionais, estatais e locais, a pobreza interactúa de maneira insidiosa coas

mulleres. Tal e como sucede na área afectada polo proxecto, as mulleres que viven en situación de pobreza son privadas dos seus dereitos fundamentais e do acceso ós recursos de importancia crítica, do mesmo xeito que non se lles recoñece nin recompensa o seu traballo, non se toman en conta as súas necesidades en materia de educación, sanidade e nutrición, e se lles imposibilita ou dificulta a toma de decisións tanto no seo da familia coma na comunidade. As mulleres que se ven atrapadas neste círculo teñen moi complicado saír do mesmo pola dobre discriminación que sofren polo feito de ser pobres e mulleres.

O **obxectivo** do programa do Corredor de Desenvolvemento é contribuír á erradicación da pobreza na súa feminización en dous distritos de Tamil Nadu e un de Pondicherry (India), tomando como base as necesidades percibidas polas mulleres e tamén as desigualdades de poder existentes entre ambos sexos. A superación da discriminación de xénero é concibida como a condición indispensable para que se chegue a superar a pobreza dominante, tendo en conta que as persoas máis afectadas polo empobrecemento son as mulleres e nenas.

Os **resultados** que se agardan conseguir son os seguintes:

- Mellorar a situación social e independencia económica das mulleres
- Cambiar as actitudes das comunidades con respecto ao xénero
- Mellorar a situación educativa de mulleres e nenas/os
- Mellorar a situación sanitaria da poboación, sobre todo mulleres

O colectivo co que se traballa inclúe **32.000 persoas**, con priorización das 15.500 mulleres e nenas dos distritos de Tiruchirapalli, Thanjavur (Tamil Nadu) e Karaikal (Pondicherry). Toda a poboación beneficiaria pertence a grupos de casta baixa.

As accións previstas coas que se pretende acadar os resultados son as que se describen: - Formar 32 grupos de autoaxuda (ou aforro e crédito) como medida de participación e empoderamento das mulleres. Ademais do aforro os grupos tratarán cuestións de tipo social e de xénero.

- Poñer en marcha cursos de capacitación laboral: Como maneira de mellorar a situación económica das mulleres proporcionarase cursos de capacitación laboral. Estes cursos incluirán actividades como a elaboración de incenso,

produtos de limpeza, compresas e tamén costura e produción de produtos reciclados. O proxecto proporcionará apoio tamén na formación das empresas que as integrantes dos grupos de aforro queiran poñer en marcha. Tamén se poñerán en marcha cursos de informática de seis meses para a mocidade con recoñecemento oficial.

- Proporcionar sensibilización de xénero: As 3.000 mulleres que forman parte dos grupos de aforro recibirán sensibilización de xénero durante todo o período do proxecto. Esta medida verase reforzada pola organización de voluntariado de xénero con 33 homes e 33 mulleres que se encargarán de facer un seguimento das actitudes sexistas prevalentes nas súas comunidades, prevención destas e da violencia de xénero, proposta de roles de xénero alternativos, etc. Tamén se celebrará de forma política o Día da Muller con feministas de Tamil Nadu como convidadas e manifestacións a nivel do proxecto.
- Crear grupos de mocidade mixtos: Nas zonas do proxecto a mocidade e sobre todo as mozas carecen de alternativas de participación social e po iso se propón a creación de grupos en todas as zonas do proxecto. As/os integrantes recibirán formación para manter as súas actividades e tamén se encargarán de poñer en marcha actividades de coidado ambiental e de lecer que coordinarán co apoio do persoal do proxecto. Esta é tamén unha medida de participación social dirixida ás rapazas como forma de participar socialmente tamén no futuro e unha vía de rematar coa segregación social imposta tradicionalmente entre mozas e mozos e que está na base de moitos outros problemas relacionados.
- Impartir clases de alfabetización para as mulleres beneficiarias, de xeito diario nos diferentes suburbios e aldeas do proxecto
- Poñer en marcha actividades de apoio á educación de nenas e nenos en todos os suburbios e aldeas do proxecto.
- Campañas de sensibilización sanitaria en todas as aldeas e suburbios do proxecto sobre os seguintes temas: saúde xeral (hixiene, nutrición, etc), saúde reprodutiva, ETS/VHI/SIDA
- 14 Campos sanitarios en toda a zona do proxecto: mobilízaranse equipos médicos voluntarios a lugares centrais dos diferentes

distritos que engloba o proxecto para facer unha revisión das persoas previamente identificadas. A partir de aí farase unha derivación de casos de ser necesario. Os campos sanitarios tratarán as enfermidades que se identifiquen como máis prevalentes na zona do proxecto na enquisa base.

ETIOPÍA

NOME DO PROXECTO: *Desenvolvemento Urbano Comunitario en Addis Abeba*

Localización: Addis Abeba (Etiopía)

Contraparte: Organization for Prevention, Rehabilitation and Integration of Female Street Children (OPRIFS)

Financiación: Fondo Galego de Cooperación e Implicadas/os no Desenvolvemento

Custo do proxecto: 45.372 €

Resumo do proxecto

O terceiro ano do programa de Desenvolvemento Urbano Comunitario ten como **obxectivo** empoderar ás mulleres do kebele 17 no suburbio de Arada e os kebeles 13/14 nos suburbios de Yeka en Addis Abeba (Etiopía). O proxecto nace da necesidade de evitar que as nenas que viven nos suburbios da cidade teñan que traballar na rúa ó non ter as súas familias, e en particular as súas nais, acceso a recursos suficientes que lles permitan estudar e exercer os seus dereitos de infancia. O programa céntrase sobre todo nas familias cunha muller soa responsable da unidade familiar e ten un carácter integral e de xénero, o cal quere dicir que integra tódolos aspectos para lograr un desenvolvemento xeral e perdurable.

Addis Abeba conta coa problemática concreta de que a inmigración, proveniente de zonas rurais, se concentra en grandes cinturóns nos arredores da cidade e que constitúen un foco de pobreza e de marxinalidade. Os suburbios adoitan estar superpoboados e o entorno pode calificarse de infrahumano. A maioría da poboación destes suburbios vive de actividades de moi baixa remuneración e con menos dun euro ó mes. Isto da como resultado o exercicio de certas actividades como a prostitución, os abusos sexuais, a drogadicción, e a mendicidade. Por outra banda, o feito de que o virus do VIH

teña unha notable incidencia entre a poboación adulta (o 10,6% da poboación está infectada) e sobre todo, entre a poboación masculina, orixina que moitas familias estean formadas so pola nai e as súas fillas/os. Noutros casos, cando a enfermidade afecta tanto ó home coma á muller son os avós e avoas os que se teñen que facer cargo dos/as netos/as.

Este feito orixina que fixemos como poboación beneficiaria do proxecto ás familias que traballan no sector informal do kebele 17 en Arada e os kebeles 13/14 en Yeka en Addis Abeba (Etiopía) que se ven na obriga de depender dos ingresos que lle poidan ofrecer as súas fillas e fillos, sacrificando para iso a escolarización dos/as mesmos/as. As tarefas que leva na cabo estas nenas e nenos pasan dende a mendicidade ata a prostitución e venda ambulante, o que as/os expón a unha serie de perigos e violencia. Do mesmo xeito, o elevado índice de analfabetismo, que afecta sobre todo ás mulleres e nenas, e a desigualdade de xénero incide negativamente na vida desas nenas e nenos.

En concreto o grupo de **persoas beneficiarias** está constituído por:

- 8.000 mulleres cabeza de familia ou con moi baixos ingresos
- 100 nenos e nenas
- 2400 persoas dos kebeles a través de actividades de sensibilización

Os **resultados** que se acadarán tras a posta en práctica das actividades son:

- incremento do nivel de aforro e da circulación dos cartos entre as mulleres beneficiarias
- apoio educativo de nenas e nenos beneficiarios no seu estudo diario
- troco no comportamento da comunidade no tocante a prácticas hixiénicas, de saúde e de desigualdade de xénero.

O proxecto de Desenvolvemento Urbano Comunitario en Addis Abeba enmárcase en tres sectores de actuación: a educación, a sanidade e a dinamización económica, sendo o principal eixo vertebrador a equidade de xénero e o respecto polos dereitos das mulleres e nenas. As **actividades** plantexadas son as seguintes:

- Crear e poñer en funcionamento 16 grupos de aforro e microcrédito e continuar co apoio ós outros 34 xa creados durante o segundo ano do proxecto: as integrantes serán 272 mulleres nais de fillas, cabeza de familia

ou con condicións económicas moi precarias que se vén na obriga de enviar ós seus fillos e fillas ás rúas a traballar, moitas veces a costa de abandonar a escola.

- Creación de dúas asociacións de grupos de autoaxuda para os grupos de aforro e crédito xa existentes: 26 dos grupos de autoaxuda creados no segundo ano crearán dúas asociacións de grupos de aforro e crédito (unha por suburbio). Estas asociacións, formadas por representantes escollidas dos seus propios grupos, terá a misión de fomentar a conexión e intercambio entre os diferentes grupos e dinamizar as relacións con diferentes institucións.
- Capacitación para 50 mulleres dos grupos de aforro creados no segundo ano en diferentes habilidades:
 - Formación empresarial básica para 34 grupos de aforro e crédito.
 - Propiciar dous encontros das mulleres representantes dos grupos de aforro coas autoridades locais: Despois do segundo ano do programa, moitas mulleres membras dos grupos de aforro e crédito sinalaron a necesidade de espazos de encontro coas autoridades locais para facerlles chegar as súas queixas e peticións. Por este motivo, serán organizadas varias reunións con representantes do goberno local para que as mulleres expoñan as problemáticas que queren que sexan solucionadas de xeito coordinado.
 - Sensibilizar sobre temas sanitarios á comunidade: Durante este ano farase fincapé na sensibilización e información á comunidade sobre aspectos importantes para coidar a súa saúde, como é a hixiene persoal, o coidado do entorno e a prevención de enfermidades. Levaranse a cabo 4 campañas repartidas ó longo do período. Estímase que unhas 400 persoas participen nas dinámicas sensibilizadoras.
 - Derivar a 40 mulleres identificadas para tratamento
 - Capacitar ás mulleres de 24 grupos de aforro en asuntos sanitarios.
 - 4 Campañas de sensibilización sobre as desigualdades de xénero destinadas a mulleres e homes: Estas campañas consistirán na realización de dúas representacións de teatro de rúa sobre saúde reprodutiva, coidado dos nenos e nenas, igualdade de xénero, violencia de xénero, etc.

- Celebración do 8 de marzo: organizarase unha carreira para cen mulleres participantes polas rúas do suburbio. Esta actividade lúdica-deportiva ten como obxectivo o recoñecemento do traballo que realizan as mulleres e impulsar a súa visibilidade na comunidade.
- Impartir clases de apoio diarias na escola local para 118 nenos e nenas
- Instar ás mulleres participantes nos grupos de aforro a que acudan ás clases de alfabetización previstas para este terceiro ano do proxecto

NOME DO PROXECTO: Empoderamento de Mulleres en Mersa

Localización: Aldea de Mersa, na rexión de North Wollo

Contraparte: Women Support Association (WSA)

Financiación: Xunta de Galicia e Implicadas/os no Desenvolvemento

Custo do proxecto: 51286.16 €

Resumo do proxecto

Este proxecto pretende acadar o empoderamento e a igualdade de xénero nunha zona empobrecida do Norte de Etiopía como base do desenvolvemento sustentable. O proxecto baséase na metodoloxía dos grupos de aforro e crédito, a capacitación laboral e a sensibilización de xénero cunha perspectiva integradora para toda a comunidade. Na zona de traballo vívese unha situación de pobreza extrema que se superará de xeito participativo e fomentando prácticas democráticas.

O **obxectivo** xeral do proxecto é o de contribuír a erradicar a pobreza na súa feminización

A zona na que traballa o proxecto é principalmente agrícola e gandeira e vese moi afectada polas secas recorrentes. Así mesmo, posúe un baixo desenvolvemento da tecnoloxía agrícola. A actividade comercial concéntrase na feira agrícola que se organiza unha vez por semana en Mersa e Wurguessa. As mulleres comezaron xa a poñer en marcha pequenas iniciativas como a venda polo miúdo de verduras, os postos de té ambulantes e tamén algunhas actividades relacionadas co pastoreo como a cría de cabras a pequena escala. Os ingresos da agricultura, ademais de ser inestables, deixan fóra habitualmente ás mulleres, que aínda que teñen dereito á terra legalmente, non o exercitan e vense na necesidade de buscar fontes de ingresos

alternativas. Os indicadores de desenvolvemento da zona son moi baixos: os ingresos anuais por familia son de 125.20 euros, dos que unha porcentaxe moi pequena están en mans das mulleres; na educación o 75,6% das mulleres son analfabetas; a taxa de mortandade infantil está en 123 por 1000 nacementos vivos e a perinatal é un/ha neno/o de cada 13 para toda Etiopía e 123 e 77 de cada 1000 para a rexión Ahmará, a que peores cifras presenta de todo o país; as mulleres casan a idade máis baixa tamén nesta rexión (aos 14 anos fronte aos 16 de media do resto do país). A posibilidade de acceder a crédito para as mulleres da zone é inexistente dado que o sistema bancario é altamente deficiente (só existen pequenas oficinas en Mersa e Wurguessa) e non ofrece



produtos de microfinanzas, co cal as mulleres están excluídas da posibilidade de acceder a capital. A situación de violencia contra as mulleres presenta tamén datos sumamente alarmantes, nos que se mesturan fenómenos de

violencia particulares de Etiopía como o jebatha (dar as nenas que non están casadas cando menstrúan a primeira vez aos dirixentes da mesquita para que as “desvirguen”) ou warssa (dereito de deitarse coa muller do irmán maior); outras compartidas con outros países africanos como a mutilación xenital e o matrimonio por rapto e outras xeneralizadas en todo o mundo como a violación ou a violencia intrafamiliar. Calcúlase que en Etiopía o 25% das mulleres son violadas e o 80% mutiladas.

Os resultados agardados son os seguintes:

1. Xerar novas fontes de ingresos para as mulleres
2. Dotar ás mulleres de ferramentas para o seu empoderamento
3. Sensibilizar á poboación da comunidade e informouse sobre a desigualdade e violencia de xénero

As accións realizadas para alcanzar ditos resultados son:

-Reforzar 54 grupos de aforro crear 20 novos e formar 3 asociacións de clúster: Despois do apoio a 44 grupos e creación doutros 10 no primeiro ano

do proxecto para este segundo ano a previsión foi crear 20 grupos novos, cada un constituído por 12-20 mulleres identificadas polo proxecto.

-Impartir clases de alfabetización: Existe un elevado índice de analfabetismo entre as mulleres de Mersa, o cal fai máis difícil que poidan acceder e reclamar os seus dereitos. Por este motivo impartíronse clases de alfabetización ás mulleres dos grupos.

-Impartir formación e capacitación laboral integrantes grupos: Proporcionouse formación a 90 integrantes dos grupos sobre liderado, capacitación empresarial, comunicación e cuestións de xénero (dereitos das mulleres, violencia de xénero, capacidade de presión política).

-Formación en xénero a membros da administración e do sistema legal e policial: o proxecto contempla a participación de membros do goberno e da policía nas charlas de sensibilización sobre desigualdade de xénero. Así mesmo, tamén houbo xuntanzas con elas/eles para amosar a importancia do proxecto.

-Servizos de mediación de xénero: Todas as integrantes dos grupos de mulleres (1.200) e as súas familias (un total de aproximadamente 5.000 persoas) recibiron asesoramento personalizado e servizos de mediación proporcionados polo persoal do proxecto. Formouse tamén a voluntariado de entre as integrantes máis activas dos grupos para apoiar nesta actividade que pretende coñecer a situación das mulleres en canto aos papeis de xénero e comezar un cambio de actitudes neste sentido.

-Clases de apoio nenas e nenos: Organizáronse clases de alfabetización para un mínimo de 200 nenas e nenos, dos que a maioría serán nenas. Estas clases axudaron a mellorar a percepción da educación das nenas na comunidade. Tamén axudaron a liberar ás mulleres de certo tempo de atención a nenas e nenos mentres van cambiando as actitudes dos homes neste sentido.

- Formar un comité de seguimento da violencia de xénero e un foro trimestral: Estableceuse un comité de control da violencia de xénero en cada kebele que implicará a representantes gobernamentais, do sistema sanitario e persoal docente, relixioso, institucións tradicionais. Organizarase un obradoiro de dous días para o comité onde se falará das leis nacionais e internacionais contra a violencia de xénero. Asistiron 36 representantes de

cada kebele e 22 representantes do woreda. Ademais, cada trimestre houbo un foro de 5 representantes de cada comité para identificar os casos e presentalos ante a xustiza de ser o caso. Participarán 60 representantes en cada foro.

- Organizar campañas cada seis meses sobre o xénero: Organizátonse campañas cada seis meses con respecto á igualdade de xénero, sobre todo para conmemorar o día internacional da muller.

A **poboación beneficiaria** son 38.179 persoas e en concreto as mulleres (19.966) dos *kebeles* de Mersa e a súa área de influencia (Wurgessa, Serinka, Buhoro) no *woreda* Habru, zona North Wollo, rexión Ahmará, de Etiopía. Esta poboación representa o 17,65% da poboación total do woreda). As beneficiarias directas son 1.200 mulleres e 400 nenas/os).

AVALIACIÓN DE PROXECTOS

Durante 2009 realizouse un seguimento intensivo dos proxectos etíopes debido aos múltiples problemas de xestión que amosaron, sobre todo o de Empoderamento de mulleres en Mersa que, malia a obter resultados moi bos no traballo sobre o terreo, amosou importantes deficiencias administrativas. Así, en marzo de 2009 Blanca Rodríguez e María Reimóndez tiveron que desprazarse unha semana ao proxecto para comprobar o correcto funcionamento deste dado que os informes enviados non estaban a un nivel que permitise coñecer a execución do proxecto nin dende o punto de vista das actividades nin do financeiro.

Nos meses de xullo e agosto María Reimóndez realizou unha vista de avaliación dos proxectos na que acompañou tamén ao asesor externo Ilakkunar Ambalavanan no seu traballo de avaliación do proxecto de Empoderamento de Mulleres de Mersa. Así, realizouse unha visita exhaustiva do proxecto e mantívose unha ampla interacción coas beneficiarias. Como demostra a avaliación externa, a parte de traballo sobre o terreo amosou resultados excelentes pero a contraparte WSA amosa lagoas administrativas básicas que impiden continuar traballando na zona ou coa organización. Por fortuna os grupos e CLAs están en situación sustentable, o cal quere dicir que poden sen dúbida continuar coa súa actividade. Durante esta visita contactouse tamén

con Menbere Leul, a auditora que debeu realizar a auditoría final do proxecto, á cal se lle entregaron xa no mes de xullo todos os documentos traducidos relativos ao proxecto. O proxecto rematou o 31 de outubro de 2009 pero a auditoría atrasouse unha e outra vez e non foi entregada antes de final de ano. Ademais, traballouse coa outra contraparte, OPRIFS. Por unha banda, María Reimóndez realizou tamén un seguimento do proxecto, onde se detectou que a comunidade aínda fica nunha mentalidade de dependencia malia aos esforzos da contraparte. O clima de inestabilidade política e os problemas de traballar nun entorno urbano fai que o traballo avance moito máis lentamente ca en zona rural. Debatéronse tamén co persoal do proxecto os novos requisitos de xustificación esixidos polo Fondo Galego de Cooperación. Aproveitando a presenza de I. Ambalavanan impartíuse un curso de formación ao persoal de OPRIFS sobre xestión do proxecto e sobre mobilización de fondos a nivel local. Á parte disto, María Reimóndez acompañou ao persoal de OPRIFS a Bahir Dar para axudar na planificación dun novo proxecto da contraparte no traballo con nenas prostituídas dende un enfoque de xénero.

2.2 ACTIVIDADES EN GALICIA

2.2.1 FORMACIÓN

Ciclo Formativo “VANAKKAM”

No 2009 Implicadas/os no Desenvolvemento continuou a desenvolver o ciclo formativo Vanakkam.

Vanakkam, palabra que en lingua tamil significa benvidas ten como obxectivo a formación no eido da Cooperación Internacional así como dar a coñecer o traballo de Implicadas tanto en Galicia como nos países do sur.

O ciclo Vanakkam constou de dúas partes: Unha presencial que se celebrou en Santiago de Compostela e outra “ sobre o terreo”. As persoas que o desexen teñen a posibilidade de viaxar á India o coñecer sobre o terreo o traballo de Implicadas e da súa contraparte PDI.

No ano 2009, se matricularon no curso 26 persoas, das cales un grupo de 9 persoas viaxaron á India por período de quince días.

Nesta viaxe de formación visitaron o proxecto urbano da cidade de Tiruchy, rematado en 2007, no que puideron comprobar como se está a desenvolver a fase de seguimento do mesmo e o funcionamento da estrutura social creada ao longo dos catro anos que durou o proxecto.

Tamén tiveron a oportunidade de visitar o proxecto de erradicación do infanticidio feminino en Salem e o desenvolvemento do proxecto rural de Karaykal, zona afectada pola tsunami.

O grupo de persoas que se desprazou á India estivo, en todo momento acompañadas pola presidenta de Implicadas e polo persoal de PDI, a contraparte india en tódolos proxectos que Implicadas desenvolve no país.

Rematada a viaxe, fíxose unha sesión de avaliación para todas as participantes no programa de formación, tanto as que viaxaron como as que non viaxaron.

Os cuestionarios mostran o alto nivel de satisfacción das persoas que participaron no Vanakkam 2009, tanto polos contidos, como polo desenvolvemento dos temas e as persoas que viaxaron á India o nivel de satisfacción é, se cabe, aínda maior pola experiencia vivida e o trato recibido.

As persoas que fixeron a viaxe, redactaron un diario que pode ser visto no blog de Implicadas: <http://implicadas.blogspot.com>.

Este ciclo formativo foi dado a coñecer á cidadanía galega a través de charlas informativas que se celebraron nas seguintes cidades:

Santiago, Lugo. A Coruña e Vigo. Tamén se publicitou a través dos medios de comunicación e en diferentes páxinas web nas que Implicadas ten enlaces.

Xornada de Formación en Santiago de Compostela

Implicadas/os no Desenvolvemento celebrou unha xornada formativa aberta A todo tipo de público con inquedanzas sobre a cooperación ao desenvolvemento e a metodoloxía e obxectivos da mesma. A xornada formativa estivo composta por tres módulos:

- ✓ Facer cooperación ao xeito de Implicadas (desde Galiza e con enfoque de xénero)
- ✓ O traballo nos países do sur (India e Etiopía) e o traballo en Galiza
- ✓ O voluntariado en Implicadas (a organización, a formación, o traballo)

Esta xornada formativa estivo impartida pola vicepresidenta de Implicadas, María José Meilán, e pola secretaria, Blanca Rodríguez. A inscrición foi gratuíta e Implicadas expediu certificado de asistencia a todos os participantes.

Xornadas de formación do voluntariado e A Estrada

Os días 3 e 4 de Outubro Realizouse unha xornada de formación e convivencia en A Estrada a que asistiron 12 voluntarias.



Durante unha fin de semana (sábado e domingo) o grupo realizou actividades de formación e información así como intercambio de experiencias entre o voluntariado dos diferentes lugares de

Galicia. O programa das xornadas, impartidas por María Reimóndez, Blanca Rodríguez e María José Meilán, foi o seguinte:

Día 3 Sábado

Horario	Temas a tratar
09:30 h	Saúdo presentación
10:00- 11:30	Planificación estratéxica: Introducción e resumo xeral María Reimóndez
11:30-11:50	Pausa
11:50-13:30	Organización interna: modificacións e melloras na estrutura organizativa María José Meilán
13:30	Comida
16:00-17:30	Os proxectos en India Blanca Rodríguez
17:30-17:50	Pausa
17:50- 19:30	Os proxectos en Etiopía María Reimóndez
19:30	Paseo, descanso, tempo de compartir....CEA

Día 4 Domingo

Horario	Temas a tratar
09:30 h	Almorzo
10:00- 11:30	O enfoque de xénero María Reimóndez
11:30-11:50	Pausa
11:50-13:30	Estratexias para falar en público María Reimóndez
13:30	Comida e final das xornadas

Plataforma virtual de formación

No ano 2009 Implicadas pon en marcha unha plataforma virtual de formación on-line para a que se elaboran os contidos do curso que se impartirá a partir do ano 2010.

INTRODUCCIÓN AO VOLUNTARIADO**1. QUE É SER VOLUNTARIA/O?**

- Presentación do marco social e legal do voluntariado
- Diferentes tipos de voluntariado e organizacións

O VOLUNTARIADO NAS ORGANIZACIÓNS DE CO**2. OPERACIÓN**

- Que son as organizacións de cooperación ao desenvolvemento?
- Necesidades específicas das organizacións de cooperación ao desenvolvemento en canto a voluntariado
- Voluntariado no Norte, voluntariado no Sur?

3. O VOLUNTARIADO EN IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

- Quen somos Implicadas/os no desenvolvemento?
- O voluntariado en Implicadas/os no Desenvolvemento

4. COORDINACIÓN DE VOLUNTARIADO

- Integración e orientación das persoas voluntarias
- Formación permanente
- Traballo en equipo

5. TAREFAS PRÁCTICAS DE VOLUNTARIADO

- Que é un proxecto?
- Claves para poñer en marcha unha actividade
- Programas de voluntariado nos países do Sur

Está previsto que a plataforma comece a funcionar nos primeiros meses do ano 2010 e que se amplíe a oferta cun curso sobre xénero.

2.2.2 PARTICIPACIÓN EN DIVERSOS CONGRESOS E FOROS**TECNOLOXÍA E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO HUMANO.**

A actividade desenvolveuse o día 17 de abril de 2009 en Santiago de Compostela dentro do cursiño organizado pola ONGD Enseñería sen Fronteiras

“Tecnoloxía e Cooperación para o Desenvolvemento Humano” Esta actividade consistiu nunha charla impartida por Andrea Manuela García titulada “Perspectiva de xénero na cooperación”. Os temas a tratar nesta charla foron: A perspectiva de xénero como tema transversal na cooperación, a diferenza entre sexo e xénero e a situación da muller nos países en desenvolvemento. A exposición realizouse co apoio dun power point elaborado para esta actividade, a inserción de dinámicas participativas que motivasen ó público a expresar a súa opinión e reflexións sobre o tema e a visualización do documental “ A Semente: Etiopía”.

CONGRESO GALEGO DE VOLUNTARIADO

A actividade levouse a cabo a través dun relatorio “Como formigas: o voluntariado de IND” que tivo unha duración de 40 minutos. O relatorio, elaborada por María José Meilán e Andrea García, tivo unha duración de 40 minutos e estivo enmarcada no tema xeral do congreso que pretendía analizar o impacto do voluntariado na transformación da sociedade galega.

COORDINACIÓN DA COMISIÓN DE XÉNERO

Dende o mes de xaneiro a maio de 2009, Implicadas no Desenvolvemento representadas por Andrea Manuela García coordinou a Comisión de Xénero dependente da Coordinadora Galega de ONGD.

As tarefas realizadas pola Comisión de Xénero durante a coordinación de Implicadas foron as seguintes:

Biblioteca virtual: posta en marcha da biblioteca virtual, para o cal tódalas integrantes da comisión tiñeron que achegar unha relación de documentos relacionados coa temática do xénero e o feminismo, e máis concretamente sobre cooperación e xénero. -

-Asistencia ó estudo-diagnóstico do sector de xénero e desenvolvemento en Madrid xunto cos grupos de xénero da Coordinadora Estatal. Esta reunión tivo lugar o día 26 de Marzo en Madrid na sede da CONGDE. As persoas que acudiron foron Andrea (IND) e Aida (PeD).

- Reunión grupos de xénero autonómicos en Bilbao o 3 de abril: O tema da reunión foi a incidencia política a nivel rexional, nacional e internacional e a

definición da axenda do ano baseado principalmente na reunión Bejgin+10 e a presidencia europea española. Asistiu Sandra (ACPP).

- Rolda de prensa para a presentación do Manual de Xénero: Santiago de Compostela, 23 de marzo.- A Comisión de Xénero da Coordinadora Galega de ONGD presentou libro “Xénero e Desenvolvemento”, co obxecto de expoñer a situación de desvantaxe na que se atopan as mulleres empobrecidas -tanto por causas económicas como de desigualdade de xénero- e a necesidade de contemplar este factor nos proxectos de cooperación das ONGD galegas. Presidiron a mesa de presentación do manual: Andrea Manuela (IND), Sandra (ACPP) e Aida (PeD).

ENCONTRO DOS GRUPOS AUTONÓMICOS E ESTATAL DE XÉNERO GGEA

Os días 8 e 9 de outubro, Andrea Manuela García representa a Implicadas no Desenvolvemento no encontro que se celebra en Barcelona.

As conclusión desta actividade é a seguinte:

O feito de que Implicadas participe neste tipo de encontros entre as comisións de xénero das diferentes comunidades autónomas pon de manifesto a súa política feminista e axuda a configurala como unha entidade de referencia na implantación do enfoque de xénero nas ONGD non só a nivel galego, senón tamén estatal.

En canto á avaliación da xornada en si mesma, eu destacaríase varias cuestións:

1. Hai un traballo a diferentes velocidades non xa dentro das ONGD das diferentes comisións autonómicas, senón tamén entre unhas e outras comisións. A comisión galega, con complexo de inferioridade ou inexperiencia debido ós dous únicos anos que leva operativa, descubriuse como unha comisión forte e participativa e que incluso amosaba menos deficiencias formativas ca outras comisións con máis anos de traballo.
2. Avanzouse no traballo en rede co resto das comisións autonómicas, xa que esta é a primeira vez que traballamos para poñer en marcha un proxecto común, para tentar lograr deste xeito unha maior incidencia política, para apoiarnos como rede de xénero nos nosos logros e trabas

- e sobre todo, para que aprendamos do traballo que se fixo ou se está a facer nas outras comunidades en materia de xénero e cooperación.
3. A pesares de que na xuntanza había xente moi preparada e cunha posición clara respecto do que é o grupo (feminista), había tamén outras voces que facían entrever o medo ou o disentimento. Como non se chegaba a un acordo de se os grupos de xénero se constituían ou non como unha rede feminista nsaltou a cuestión de que cada comisión de xénero autonómica se definise como feminista ou non, xa que había representantes de organizacións que opinaban que a declaración do grupo como feminista podería traerlle problemas na coordinadora respectiva ou incluso na súa relación con outras ONGD. Como vedes, un aspecto que parece que tiña que estar tan amplamente superado, e máis se temos en conta as temáticas que se trataron ó longo da xornada, volve a rexurdir na sesión plenaria coma un medo atroz polo rexeitamento ou polo “que dirán”. Este feito, baixo o meu punto de vista, é un claro “paso atrás” no traballo das comisións de xénero.
 4. En canto ó desenvolvemento das propias xornadas, estivo ben que fose en dous días porque facer todo o traballo nun día só sería demasiado condensado e posiblemente non se podería empregar unha metodoloxía participativa para debater todas e cada unha das cuestións, co obxectivo de escoitar a todas as comisións representadas.

SEMINARIO “GALICIA CARA UNHA POLÍTICA INSTITUCIONAL DE TRANSVERSALIZACIÓN DE XÉNERO”

Participación no seminario que se celebrou na Coruña os días 4 e 5 de novembro de 2009.

A Comisión de Xénero da Coordinadora Galega de ONGD organizou e asistiu a un seminario de formación para as ONGD interesadas en introducir nas súas entidades o enfoque de xénero ou para afondar os seus coñecementos sobre o mesmo. Neste caso o seminario ía destinado a ensinar como avaliar un proxecto con perspectiva de xénero e tamén a analizar e ter en conta as políticas públicas autonómicas, estatais e a nivel europeo de cooperación ó desenvolvemento que integran ou non a perspectiva de xénero co obxectivo

de reclamar á Xunta de Galicia a introdución da perspectiva de xénero na redacción do II Plan Director de Cooperación.

2.2.3 CONFERENCIAS

Conferencia no Instituto O Castro de Vigo

O día 4 de decembro no marco das actividades desenvolvidas no Instituto O Castro de Vigo para dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio a presidenta de Implicadas, María Reimóndez, impartiu unha conferencia a alumnado da ESO. Na conferencia tentouse poñer de manifesto como dende Galicia, a través de organizacións como Implicadas, cada un/ha de nós pode ter incidencia para que se acaden os ODMs. Á conferencia asistiron unhas setenta alumnas e alumnos do centro.

Conferencia sobre os grupos de aforro no ciclo organizado dentro das actividades da campaña Pobreza 0 en Vigo

No mes de decembro a presidenta de Implicadas, María Reimóndez, impartiu unha conferencia titulada “A alternativa está aquí”, na que se centrou no papel das mulleres do sur como motor económico co exemplo concreto dos grupos de aforro. Á conferencia asistiron unhas trinta persoas.

Charlas no colexio Sagrado Corazón de Jesús en Pontevedra

Andrea Manuela Garcia impartiu 5 charlas de 50 minutos de duración a alumnas/os de 3ª e 4ª da ESO (un total de 125 rapazas/es). Para acadar a comprensión das cativas e cativos impartíuse unha pequena charla explicativa acompañada dun power point. Na exposición Tratouse de resaltar, sobre todo, a auga como un dereito humano e como recurso imprescindible para a vida das persoas. Así mesmo, fíxose fincapé na distribución xeográfica da auga potable e accesible para os humanos, para que poidan comprobar que se distribúe de xeito desigual entre os países e continentes e que en España estamos a facer un uso abusivo deste recurso. Así mesmo, tratouse de desfacer o falso mito de que en África non hai auga, para mudala polo concepto de “non hai infraestruturas que garantan o dereito de acceso á auga” para explicar que son as mulleres as encargadas entón de realizar esta

tarefa de recollida e transporte da auga. Analizando esta problemática a nivel mundial revisamos tamén cal é a cantidade de auga que a OMS recomenda por persoa e día e fixemos a comparativa de cal é o noso consumo diario de auga (para o que se aportarán cantidades aproximadas de gasto de auga en actividades como ducharnos, lavar os dentes, lavar as mans, o lavalouzas, a lavadora, lavar o coche, regar as plantas, etc) co consumo de auga recomendado e tamén co consumo de auga que se realiza noutros países africanos. Acto seguido fíxose unha proposta de posibles medidas para contribuír ó aforro deste recurso.

2.2.4 PROXECTOS MULTIDISCIPLINARES

AUGA PARA ETIOPÍA.

No ano 2009 Implicadas no Desenvolvemento organizou, por segunda vez, o proxecto AUGA PARA ETIOPÍA, neste ano co título A MURALLA DA AUGA que se realizou na cidade de Lugo.

Como actividade previa, o día elixido, o día 5 de maio, María José Meilán da unha charla de sensibilización ao alumnado de 4º de ESO do Colexio Divina Pastora - Salesianos de Lugo co obxecto de buscar colaboración no desenvolvemento da actividade. Tamén se solicita a colaboración do Centro Xuvenil ATEIBO, da Fundación Juan Soñador e do grupo cultural María Castaña.



Co patrocinio do Concello de Lugo e da Deputación Provincial, o día 13 de xuño realizouse o remate do proxecto coa activade MURALLA DA AUGA que se desenvolveu segundo o seguinte programa:

10:00: Persoas da organización transportarán os materiais e ata a Praza Maior para a colocación do Stad e a organización xeral do evento.

- 11:00: Todas as participantes serán recibidas no adro da Catedral por persoas da organización onde se repartirán as camisetas distintivas do acto.
- 11:30 Comeza a peregrinaxe co seguinte percorrido:
Pola Muralla dende a Porta de Santiago ata a Mosquera.
Baixada no Campo Castelo para facer o seguinte percorrido:
 Campo Castelo
 Rúa de San Pedro
 Rúa Xoán Montes
 Rúa da Raíña
 Praza Maior

12:00 Comeza animación na rúa dos diferentes grupos, na Praza Maior.

13:00 Chegada á Praza Maior e lectura do Manifesto. Fin da actividade.

Centos de persoas acompañaron á comitiva amarela pola Muralla de Lugo e polas rúas céntricas da cidade, simultaneamente, na Praza Maior de Lugo, as mozas e mozos voluntarios das diferentes asociacións coordinaron obradoiros de globoflexia, maquillaxe e xogos cooperativos para nenas e nenos.

O grupo folk María Castaña amenizou a Praza Maior de Lugo convertendo o acto nunha festa popular.

Esta actividade contou coa colaboración de diversas concellerías do Concello de Lugo coordinadas por Dona Carme Basabre, Concelleira de Muller e Benestar Social que prestou ao proxecto unha atención especial. Tamén, dende a Deputación Provincial se fixo provisión de fondos para o desenvolvemento desta actividade. A policía local colaborou na ordenación do tráfico naqueles lugares nos que foi preciso.

Mulleres senlleiras dentro da cultura da cidade así como diversas asociacións culturais, deportivas e feministas, foron convidadas a carrexar os colectores conseguíndose unha resposta masiva por parte de todas as persoas convidadas.

Ao final do acto a presidenta de Implicadas, María Reimóndez leu un manifesto que foi seguido con moita atención polo grande cantidade de público asistente.

IMPLÍCATE: NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA.

Por motivos de calendario tanto dos artistas convidados como do Teatro Principal de Santiago, onde se celebra o evento, esta actividade, organizada no ano 2009, se realizará o día 10 de xaneiro de 2010.

Neste evento que conta xa con recoñecido prestixio entre a poboación de Santiago de doutros lugares de Galicia Implicadas conta coa colaboración desinteresada de diferentes persoeiros da cultura galega dende a danza ao teatro, pasando pola música ou a poesía.

Nesta ocasión, o evento contará coa presentación de Yolanda Castaño e Luis Tosar e será nomeada Implicada do Ano, Aurelia García Hervella, xornalista da radio galega e colaboradora habitual no traballo de Implicadas no Desenvolvemento.

ANO DO XÉNERO: CICLO DE CONFERENCIAS “ NORTE SUR XÉNERO NO CENTRO”

Seguindo coa súa política de facer chegar a Galicia o máis directamente posible a voz das persoas que traballan a diario na cooperación e de fomentar a construción de redes e camiños de intercambio de traballo e coñecemento e dentro do marco deste ano 2009 que a organización dedica ao xénero, Implicadas presentou o ciclo Norte-Sur, o xénero no centro. Trátouse dunha serie de conferencias que se celebraron por toda a xeografía galega (A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Vilagarcía) e no que participaron recoñecidas/os especialistas no eido do xénero, a cooperación e a comunicación, tanto de Galicia como do resto do Estado Español e da India e Etiopía, países nos que Implicadas leva traballando en colaboración coas súas contrapartes 11 e 5 anos respectivamente.

“Norte-Sur, o xénero no centro”, tratou de promover unha reflexión e acción crítica na cidadanía galega en torno ás interaccións xénero e pobreza dunha maneira global e interactiva na que a cidadanía teña a posibilidade de adquirir coñecementos pero tamén de expresarse dunha maneira máis pública.

Este ciclo que se desenvolveu dende o 16 de abril ao 15 de maio contou cun número elevado de asistentes que se interesaron polos temas expostos polas recoñecidas poñentes.

- **Vanesa Saiz:** licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid e actualmente coordina o Master en Igualdade e Xénero da UCM. É autora de diversas obras sobre feminismo, xénero e ONG.
- **Zinash Bezabih:** enfermeira e licenciada en empresariais e leva 14 anos traballando no mundo da cooperación, ao que accedeu a través do seu traballo de enfermeira. Actualmente, dirixe a organización etíope OPFRIS, contraparte de Implicadas en Etiopía.
- **Sheela Vincent:** licenciada e socioloxía e literatura inglesa, no 2004 comezou a traballar como asesora para PDI, contraparte de Implicadas na India, e na actualidade coordina os proxectos da organización na cidade de Salem, nos que se traballa con transexuais e pola erradicación do infanticidio feminino.
- **Irene Rodríguez Manzano:** licenciada en Socioloxía e doutora en Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade é Profesora Titular de Relaciones Internacionais, da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén ten varias publicacións sobre o eido do xénero.
- **Lidia Senra:** vinculada ao Sindicato Labrego dende 1976, do que foi secretaria xeral de 1989 ao 2007. No 2004 foi elixida para integrar a Comisión Internacional de Mulleres de Vía Campesina en representación de Europa.
- **Mohammed Hussein:** iniciouse no mundo da cooperación traballando en ONG do seu país, Etiopía, e a través do seu traballo en WSA (contraparte de Implicadas) trabou contacto con Implicadas, organización para a que traballa dende hai un ano, como representante no país e enlace coas contrapartes.
- **Homes galegos pola igualdade:** primeira agrupación de Galicia creada para loitar contra a discriminación da muller. Está formada por un

grupo de homes que recoñece a responsabilidade masculina no mantemento da subordinación social das mulleres.

Programa

Vanesa Saiz

Xénero, Cooperación e Medios.

- 16 de abril, Santiago, Club de Prensa, 20h

Zinash Bezabih

Estratexias para a superación da discriminación nenas en Etiopía

- 21 de abril, Vigo, Caixanova, 20h
- 22 de abril, Santiago, Club de Prensa, 20h.
- 23 de abril, Lugo, Centro Lug2, 20h.

Sheela Vincent

Como rematar co infanticidio feminino e outras formas de violencia contra as mulleres en Tamil Nadu (India).

Outro xénero: a realidade da transexualidade en Tamil Nadu (India).

- 28 de abril, Santiago, Club de Prensa, 20 h
- 29 de abril, A Coruña, Galería Sargadelos, 20h
- 30 de abril, Vigo, Caixanova, 20h.

Irene Rodríguez Manzano

Feminización da pobreza: concepto e medición

- 7 de maio, Santiago, Club de prensa, 20h.

Lidia Senra

Mulleres Labregas

- 5 de maio, Vilagarcía, Auditorio.

Mohammed Hussein

O papel dos homes na loita pola igualdade: Achegas do Sur

- 12 de maio , Vigo, Caixanova, 20h
- 14 de maio, Santiago, Club de prensa, 20h (conferencia conxunta con Homes galegos pola igualdade)
- 15 de maio, Ferrol, 19.30h, Salón de actos do Edificio Social

Homes galegos pola igualdade

O papel dos homes na loita pola igualdade: Achegas do Norte

- 14 de maio, Santiago, Club de prensa, 20h (conferencia conxunta con

Mohammed Hussein)

O ciclo de conferencias foi en todos os casos gratuíto e aberto ao público en xeral.

Actividades complementarias deste ciclo de conferencias

O ciclo de conferencias comprendeu ademais outras actividades complementarias, como a colocación de “tendais” onde se colgarán os “trapos sucios” do xénero e a pobreza (tarxetóns nos que as/os participantes nas conferencias poderán escribir preguntas, reflexións, desexos, propósitos, etc.) e que constituirán o material de traballo do colectivo de mulleres artistas para a elaboración de creacións con conciencia e mensaxe. A participación nas actividades pretende actuar de catalizador para espallar a mensaxe crítica e contribuír ao obxectivo xeral.

2.2.5 EXPOSICIÓNS

Implicadas posúe neste momento cinco exposicións que están a percorre a xeografía galega: Maquila Boutique, O son das buguinas, Auga para Etiopía, Penso, logo actúo e 10X10.

Durante o ano 2009, as exposicións estiveron en Vigo, Cangas e Santiago de Compostela

10x10: Exposición conmemorativo do décimo aniversario de Implicadas coa que se quere amosar o traballo da organización ao longo deste tempo facendo especial fincapé na participación do voluntariado.

Maquila Boutique: é unha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación na industria téxtil e se presentan posibles alternativas a esta explotación

O son das buguinas: Exposición sobre a tsunami que asolou o surleste asiático no ano 2004. Esta exposición está centrada no distrito de Karaikal, na India, lugar onde Implicadas emprendeu un proxecto de axuda humanitaria de emerxencia que derivou nun proxecto de desenvolvemento que segue na actualidade.

“Penso, logo actúo” : Ideouse no ano 2003 coa intención de sensibilizar á poboación en xeral e en particular á sociedade galega sobre a pobreza, causas e solucións.

Con ela, pretendemos aproximar algunhas das múltiples facetas desta realidade complexa ás persoas que aparentemente estamos do outro lado. Desde a fame, o xénero ou o medio pasando pola educación, os recursos enerxéticos.

“Auga para Etiopía”: Reivindica a desigualdade na xestión da auga nos países do Sur, onde a carencia de auga non é un problema de carencia de recursos senón de distribución e uso. Países tan secos como Arabia Saudi (100mm/ano) non experimentan problemas de auga mentres que outros moito máis vizosos, coma Etiopía (500 mm/ano), viven nunha situación de carencia permanente. A falta de investimento en infraestruturas fai que a auga non chegue á poboación.

2.2.6 CLUBS DE LECTURA

No esforzo por dar a coñecer as culturas do Sur como parte da erradicación da pobreza e no esforzo por implicar o sector cultural galego nunha cooperación feita desde Galicia, Implicadas elaborou a seguinte proposta que combina o **compromiso coa cultura galega e coa solidariedade galega** baixo as actividades dos **CLUBS DE LECTURA**.

A ONGD Implicadas/os No Desenvolvemento (IND) puxo en marcha os CLUBS DE LECTURA no ano 2007 na cidade de Lugo e dada a boa acollida desta actividade a ONG puxo en funcionamento outro Club de lectura na cidade de Santiago de Compostela. Agora Implicadas No Desenvolvemento está traballando pola mellora do funcionamento dos mesmos, para así chegar a un maior número de persoas participantes.

FUNCIONAMENTO DOS CLUBS DE LECTURA.

O funcionamento do club de lectura de Implicadas/ No Desenvolvemento é o seguinte:



- O grupo de voluntariado de Implicadas fai unha compilación de obras escritas en galego sobre temas de interese social: a solidariedade, desigualdade de xénero, a inmigración, a cooperación e o desenvolvemento nos países do Sur, o comercio xusto, a violencia de xénero, a integración social de grupos marxinais, etc.
- A partir da lista de libros propostos, o voluntariado de Implicadas elixe catro obras para o período de tempo que comprende un curso escolar (de setembro a xuño) e establécense unha s datas para a reunión en grupo.
- A ONG elabora carteis, folletos e anuncios informativos dos Clubs de lectura, de xeito que se informa á sociedade en qué consiste o Club de lectura de IND, das obras propostas para a súa lectura, e das datas e lugares establecidos para a reunión de todas aquelas persoas que queiran participar.
- Nas datas establecidas na programación dos Clubs de lectura, o voluntariado de Implicadas e todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade reúnense nos lugares establecidos para analizar entre todos o libro correspondente. A análise de cada libro faise dende o punto de vista do contido, aínda que se mencionen algúns aspectos de tipo literario.
- Estas xuntanzas organízalas o voluntariado de Implicadas, xa que o voluntariado encárganse de presentar a obra e ao seu/súa autor/a ante os participantes, para facer unha primeira toma de contacto co tema da obra.
- Para estas xuntanzas intentase que acuda o/a autor/a do libro para afondar máis no contido da obra cos seus comentarios. Deste xeito a ONG ponse en contacto co/a escritor/a para concertar a cita para o día en que se reúne o Club de lectura. No caso de que a presenza da autora ou autor non fose posible, contarase cunha persoa convidada que teña relación co tema do libro que poda achegar a súa experiencia persoal ao debate.

- Deste xeito, os participantes e o/a autor/a do libro comentan aqueles aspectos que lles resultaron interesantes ou novidosos sobre a obra. Este tipo de reunións entre autor/a e lectores crea unha relación de empatía entre emisor e receptor, reforzando o valor da lectura.

Por outro lado, tamén se deben ter e conta outros aspectos imprescindibles para o bo funcionamento dos Clubs de lectura:

Divulgación da actividade a través de diversos medios para informar ao maior número de persoas posibles:

- Elaboración de folletos e carteis informativos.
 - Entrega de material promocional en bibliotecas e librerías das cidades; así como tamén e centros educativos e asociacións xuvenís, veciñais, etc.
 - Publicación da actividade nos medios de comunicación locais, a través do envío de notas de prensa, na axenda cultural dos medios e coa publicación de anuncios publicitarios.
 - Publicación da actividade na axenda cultural de sitios web solidarios e culturais.
 - Publicación da actividade na páxina web da propia ONG (www.implicadas.org ou www.implicadas.blogspot.com).
 - Potenciación do efecto boca-orella, para que os participantes dos clubs de lectura recomenden as obras e os clubs entre os seus amigos, familiares e demais coñecidos.
- Contar cun fondo bibliográfico das obras seleccionadas para prestar ao voluntariado ou participantes da asociación e facilitar así a lectura dos exemplares
 - Contar cun espazo axeitado, que conte co equipamento necesario (mesas, cadeiras, proxector de diapositivas, papel, lapis, etc) para realizar as xuntanzas dos Clubs.

XUSTIFICACIÓN DA SÚA NECESIDADE.

IND puxo en marcha este proxecto debido á súa estreita vinculación coa cultura e a lingua galega. Así pois, a ONG viu nesta actividade a oportunidade de promocionar estes dous aspectos do acervo cultural galego.

Os Clubs de lectura non só serven para promocionar a lectura en galego, senón que ademais permiten afondar en temas de preocupación social. Deste xeito, os participantes dos Clubs de lectura debaten e reflexionan sobre cuestións tales como a violencia de xénero, a pobreza, a inmigración, etc. e ao mesmo tempo utilizan a nosa lingua para comunicarse e entreterse; porque a lectura dunha obra non só serve para entreterse, senón tamén para obter diferentes puntos de vista sobre un tema, pero sobre todo para reflexionar. A reflexión é a principal xustificación destes Clubs de lectura, xa que como mencionamos anteriormente, trátase de falar sobre problemas actuais que afectan ao mundo e que precisan que a sociedade reflexione sobre eles e sobre as súas posibles solucións.

En definitiva, o que se persegue e provocar a reflexión a través de reunións participativas, nas que o libro sexa o pretexto para falar dun tema de interese común: un mundo diferente, máis xusto e solidario.

OBXECTIVOS QUE PERSEGUEN OS CLUBS DE LECTURA.

1. Sensibilizar á sociedade galega sobre os temas da inxustiza e o reparto da riqueza, así como de todos aqueles temas sociais que preocupan ás sociedades actuais (violencia de xénero, igualdade de oportunidades, inmigración, a educación da xuventude, etc.).
2. Implicar á cidadanía galega con proxectos solidarios que teñan como base a cultura e a lingua galega.
3. Potenciar a fala e a lectura en lingua galega.
4. Potenciar o coñecemento sobre as/os autoras/es e tradutoras/es galegas/os.
5. Dar a coñecer Implicadas/os No Desenvolvemento en toda Galicia e amosar o traballo que está a desenvolver tanto en Galicia (con proxectos de sensibilización e culturais) como na India e Etiopía (con proxectos de desenvolvemento e cooperación).

No ano 2009 as obras lidas nos diferentes lugares foron as seguintes:

Cidade	Lugar	Título	Convidada/o	Data
Lugo	A Cova da Terra	Contrato temporal: Beatriz Dacosta	Carmen Santamariña, Delegada de Muller da GIG	14 /01/2009
Lugo	A Cova da Terra	O Páxaro do mel: Adolfo Caamaño	Adolfo Caamaño:	27/03/ 2009
Lugo	A Cova da Terra	Un escuro rumar tralo silencio :Isidro Novo	Isidro Novo	10/ 06/ 2009
Lugo	A Cova da Terra	A filla do Filósofo: Elena Pomiatowska	Isidro Novo	16/12/ 2009.
Santiago	Casa das Crechas	“Memoria para Xoana”. Marica Campo	“. Marica Campo)	31 /03 /2009
Santiago	Casa das Crechas	O paxaro de mel”. Adolfo Caamaño	Adolfo Caamaño	27/ 04/ 2009
Santiago	Casa das Crechas	“Un escuro rumor tralo silencio”. Isidro Novo (26 de maio de 2009)	Isidro Novo)	26/05/2009

Club de lectura virtual

Implicados/as no Desenvolvemento organiza no ano 2009 un Club de Lectura Virtual pensado para todas aquelas persoas que están interesadas na lectura e preocupadas polas problemáticas que afectan ó mundo no que vivimos pero que non poden asistir aos clubs presenciais de Implicadas. Esta iniciativa, que conta xa cun elevado número de seguidores e coa colaboración, unha vez máis de destacados escritores en lingua galega inicia a súa andaina en novembro do 2009 e programa actividade ata xuño do 2010: O programa do club virtual de lectura é o seguinte:

A miña planta de laranxa lima: José Mauro de Vasconcelos

1a Xuntanza: 2 de decembro de 2009

2a Xuntanza: 16 de decembro de 2009

O home é un grande faisán no mundo: Herta Müller

(novelista, poeta e ensaísta rumano-alemana recentemente galardoada co Premio Nobel de Literatura de 200

Xuntanza: 13 de xaneiro

O son das buguinas: VV. AA. a prol de **Implicados/as no Desenvolvemento**:

Marilar Aleixandre, An Alfaya, Fran Alonso, Rosa Aneiros, Agustín Fdez. Paz, María Reimóndez e Dolores Ruíz

(o libro vai acompañado por un DVD)

Encontro cun autor/a: 3 de febreiro

Ninguén está só: VV. AA. a prol de **Amnistía Internacional**:

Fran Alonso, Paula Carballeira, Fina Casalderrey, Manuel Darriba, Ana Expósito, Agustín Fdz. Paz, Jaureguizar, Paco Martín, Antonio Reigosa e Helena Villar Janeiro

Xuntanza: 10 de febreiro

Encontro cun autor/a: 24 de febreiro *Ninguén está só*

Sol de Inverno: Autora: Rosa Aneiros

Premio Xerais, 2009

1a xuntanza: 3 de marzo

2a xuntanza: 17 de marzo

3a xuntanza: 7 de abril

4a xuntanza: 21 de abril

Posta en común: 5 de maio

Encontro coa autora: 12 de maio

A través da rede, nas datas sinaladas, as persoas que participan neste club de lectura poden ter encontros virtuais coas autoras/es das obras e falar sobre as súas impresións.

A participación está aberta a toda a cidadanía e para formar parte deste club abonda con entrar na páxina: <http://implicadas.blogaliza.org/virtua/>

2.2.7 ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE VOLUNTARIADO LOCAIS

LUGO

No ano 2009 o grupo de voluntariado de Lugo, por diversas circunstancias deixou de ter actividade como grupo. Malia todo o voluntariado que o integraba segue activo dentro da organización e traballa pola presenza de Implicadas na cidade. Proba disto é a organización de diferentes actividades na cidade de Lugo neste ano 2009:

Camiño da Auga: Organizado integramente polo voluntariado lucense.

Club de lectura: O máis antigo de Implicadas e que cidade de Lugo faise en colaboración coa Cova da Terra. En todas as sesións celebradas contouse coa presenza das autoras/os ou nos casos non que non era posible, con persoas directamente relacionada coa temática da obra. O voluntariado de Lugo elixiu para este ano 2009 as seguintes obras:

Contrato temporal: Beatriz Dacosta

O Páxaro do mel: Adolfo Caamaño

Un escuro rumar tralo silencio :Isidro Novo

A filla do Filósofo: Elena Pomiatowska

Organización de conferencias:

Dentro do ciclo “ Norte -Sur o Xénero no centro” o voluntariado organizou na cidade de Lugo a conferencia de Zinash Bezabih o día 23 de abril de 2009 no centro sociocultural Lug II.

Implicadas segue a buscar voluntariado na cidade das murallas para volver formar un grupo estable.

SANTIAGO DE COMPOSTELA:

O grupo de Santiago de Compostela, composto por sete voluntarias, organizou no ano 2009 as seguintes actividades

CLUBS DE LECTURA

As tres sesións celebradas contaron coa presenza dos/a autores/a das obras escollidas e cunha participación media de 10 persoas. Para participar nos clubs de lectura era preciso ler os libros previamente par poder abordar o seu contido desde unha perspectiva crítica en relación aos temas sociais e de xénero que contiñan. Implicadas no Desenvolvemento puxo exemplares dos libros a disposición dos interesados en réxime de préstamo na Casa das Crechas, lugar no que posteriormente se celebraban as sesións de análise e posta en común, as obras seleccionada polo grupo de voluntariado de Santiago foron as seguinte:

- ✓ “Memoria para Xoana”. Marica Campo (31 de marzo de 2009)
- ✓ “O paxaro de mel”. Adolfo Caamaño (27 de abril de 2009)
- ✓ “Un escuro rumor tralo silencio”. Isidro Novo (26 de maio de 2009)

Xornada formativa sobre os proxectos de cooperación de implicadas no desenvolvemento

Sábado, 28 de marzo de 2009.

Horario: 10:00h-13:30h e 16:00h-18:00h

Lugar: A Gentalha do pichel. Santa Clara 18.

Conferencias Ano do Xénero

- ✓ “Xénero, cooperación e medios”. Vanessa Saiz (Universidade Complutense de Madrid) Xoves, 16 de abril. Club Internacional de Prensa
- ✓ “A situación das nenas da rúa en Etiopía”. Zinash Bezabith (dirixente da ONG etíope OPFRIS) Mércores, 22 de abril. Salón de Graos da Facultade de Ciencias Políticas.
- ✓ “O papel dos homes na igualdade de xénero”. Mohammed Hussein (coordinador do proxecto de Empoderamento de Mulleres en Mersa-Etiopía) e Jorge García (plataforma Homes Galegos pola Igualdade) Xoves, 14 de maio. Club Internacional de Prensa.

Exposición O Son das Buguinas

Do 15 de xuño ao 15 de xullo de 2009

Lugar: Pub Modus Vivendi

“O son das buguinas” é unha exposición que xurde como complemento do libro que leva o mesmo nome e que foi editado por Implicadas no Desenvolvemento en colaboración coa editorial Xerais, para destinar os dereitos de autor ao proxecto que a ONG ten en Karaikal- zona costeira da India que fora arrasada pola tsunami-. A exposición esta composta por fotografías de Paco Vilabarro e textos da escritora e presidenta de Implicadas, María Reimóndez.

Móvete con Implicadas (concertos solidarios)

Trátase dunha actividade que contou coa colaboración totalmente altruísta e solidaria de músicas, músicos e formacións musicais que fan música en galego e acceden a cederlle a recadación destes concertos a Implicadas no Desenvolvemento. O recadado nesta actividade é destinado íntegramente aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas ten nas comunidades do Sur. Esta actividade, concibida cunha clara vocación lúdica, serve para propiciar un primeiro achegamento entre a organización e un tipo de público ao que non se chega directamente a través das actividades de concienciación, e que é reforzada coa entrega de material informativo sobre Implicadas. O programa deste proxecto foi o seguinte:

- Pepa e Davide (cabaret galego) Xoves, 2 de abril de 2009
 - Xoan Curiel (cantautor) con Uxía Senlle. Xoves, 30 de abril de 2009
 - Integrantes de “Sechu y Los Invisibles”, “Ruxe Ruxe”, “Martín Zapata”
 - Lugar de celebración dos concertos: A Gentalha do Pichel. Santa Clara,
- 18

Mesas informativas

Con esta actividade preténdese facer visible a organización e achegar información sobre a mesma aos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, engadindo ademais unha compoñente recadativa que axude ao autofinanciamento do grupo de voluntariado. Nestas mesas ofertouse material

informativo sobre Implicadas e produtos de merchandising e de comercio xusto. Tamén foi aproveitada para iniciar unha lista de persoas interesadas recibir información sobre as actividades programadas na cidade. A lista está na actualidade composta por 180 persoas. Instaláronse mesas informativas nos seguintes lugares:

- Facultade de Ciencias Políticas (24 de marzo de 2009)
- Facultade de Traballo Social (21 de abril de 2009)
- Facultade de Xornalismo (19 de maio de 2009)
- Facultade de Ciencias da Educación (10 de novembro de 2009)
- Facultade de Matemáticas (13 de novembro de 2009)

VIGO

O grupo de voluntariado de Vigo sufriu unha reorganización no ano 2009 cun cambio considerable no voluntariado polo que tivo que facer o esforzo formarse de novo. Malia todo, na actualidade o grupo conta con 12 voluntarias /os que están a traballar no desenvolvemento da súa programación.

No ano 2009 o grupo de Vigo realizou as seguintes actividades:

Exposición “Maquila Boutique

A exposición na que colaboran diferentes artistas plásticas galegas ten como obxectivo amosar á poboación galega a situación de explotación que na que moitas mulleres traballan na industria téxtil.

Dende o 12 de xaneiro ata o 16 de febreiro de 2009, na Casa das Mulleres de Vigo

Dende o 7 ao 17 de xullo de 2009 na Casa da Xuventude.

Mesa informativa

O día 26 de outubro de 2009 na Facultade de Económicas da Universidade de Vigo se coloca unha mesa informativa cos seguintes obxectivos:

- Captación de voluntariado para o grupo de Vigo.
- Dar a coñecer a labor de IND.
- Sensibilización.

Durmida Reivindicativa 24h na rúa a favor da apertura do albergue “Gota de Leite”.

Este evento foi convocado pola Reda Social Galicia Sur, á que pertence Implicadas. Unha das voluntarias do grupo de Vigo participou neste acto durmindo na rúa. O obxectivo da protesta foi tentar conseguir que o edificio do antigo fogar de San Paio, baleiro e pechado, abran un centro de inclusión social e albergue para as persoas sen teito.

Curso Formativo - Cinefórum Achégate á india

Os días 18 e 19 de abril de 2009 no local de Implicadas en Vigo se desenvolve esta actividade cos seguintes obxectivos:

- * Captación de voluntariado
- * Formación para persoas que xa son voluntarias
- * Sensibilización sobre a realidade social e a situación das mulleres na India
- * Dar a coñecer a metodoloxía de traballo de Implicadas
- * Promoción do ciclo formativo Vanakkam

O curso formativo-cinefórum seguiu unha metodoloxía didáctica e participativa e pretendía ser unha achega á India dende unha perspectiva diferente. Durante o curso as e os participantes puideron coñecer máis de preto a realidade social do país e a situación das mulleres nos países en vías de desenvolvemento, aprenderon cómo aplica Implicadas/os no Desenvolvemento o enfoque de xénero nos seus proxectos e cómo introduce metodoloxías innovadoras na Cooperación ao Desenvolvemento (microcrédito, grupos de aforro, etc.). Tamén se proxectou a película *Fire* da directora india Deepa Mehta, seguida dun coloquio arredor da mesma e facilitouse información sobre o programa formativo Vanakkam'09.

A difusión do mesmo realizouse a través do blog de Implicadas, en www.hacesfalta.org e mediante a pegada de carteis en Vigo (centro e Universidade) e Redondela.

Charla informativa na Oficina de Xuventude de Tui

O venres 30 de Outubro ás 16: 30 horas tivo lugar na oficina de xuventude de Tui unha charla informativa sobre Implicadas, breve e co obxectivo de captar voluntariado. Tras acordo previo coa encargada, Mónica, que prestou a súa disposición a que tivera lugar antes da realización dun curso de Foammy organizado por xuventude e aproveitando pois tal circunstancia, falouse cun

grupo de aproximadamente 20 persoas, maioría mulleres, agás dous rapaces, sobre a ONG, en que consisten os seus proxectos e a necesidade de voluntariado

Mercadiño Solidario en Arbo

Implicadas no Desenvolvemento estivo presente na segunda edición do Mercadiño Solidario de Arbo o día 20 de Decembro de 10 a 18 horas cunhas xélicas temperaturas. Voluntarias dos grupos de Vigo e Pontevedra atenderon o posto informativo e de venda, que foi visitado por bastante xente. No posto as voluntarias informaron do labor de Implicadas e venderon algúns produtos de comercio xusto, artesanía elaborada polas mulleres dos nosos proxectos, axendas, camisetas... e outros artigos que se atopan á venda no noso local da Rúa Camelias, 49 escaleiras, Vigo. Facemos un balance positivo da participación nesta actividade e agardamos asistir de novo á próxima edición.

PONTEVEDRA

O ano 2009 foi o da formación do grupo de Pontevedra. O día 4 de outubro, con motivo das xornadas de formación da Estrada, se firmou a acta de fundación do grupo de voluntariado na cidade de Pontevedra que, para este ano 2009 ten como obxectivo fundamental ampliar a base de voluntariado para poder formar un grupo operativo.

Na actualidade o grupo de Pontevedra conta con oito voluntarias que están a desenvolver a súa planificación para o ano 2010.

3. PUBLICACIÓNS

AXENDA DO DESENVOLVEMENTO 2010

Como vén sendo habitual a partir do mes de novembro Implicadas/os No Desenvolvemento

pon a venda a Axenda do Desenvolvemento 2010 elaborada polo voluntariado. Este e xa o sexto ano que Implicadas/os lanza a súa axenda, nesta ocasión, dedicada ao tema xeral deste ano 2009: O Xénero.

Nela pódense atopar contidos e imaxes moi interesantes sobre esta temática.

A AXENDA DO DESENVOLVEMENTO para o ano 2010 segue a tónica de anos anteriores intercalando as follas dedicadas a cada día con información de interese sobre cooperación, xénero, axuda ao desenvolvemento . Estas características convértena na única axenda en galego deste tipo que existe no mercado, e conta ademais cun deseño moi atractivo e manexable ao longo das súas 250 paxinas en papel reciclado e tamaño 13 x9,5 cm. A axenda é unha ferramenta a través da que trata de sensibilizar á sociedade galega na súa implicación na cooperación ao desenvolvemento. A AXENDA DO DESENVOLVEMENTO para o ano 2010, vendeuse a través paxina web da organización (<http://www.implicadas.org/>) ou por mail (info@implicadas.org), no local e Implicadas, en tendas de comercio xusto, en locais amigos que colaboran con Implicadas , en mesas informativas e tamén nas diferentes actividades organizadas pola ONGD.

ARTIGO NA FESTA DA PALABRA SILENCIADA

No último número de 2009 da revista feminista “Festa da palabra silenciada” publicouse o artigo de María Reimóndez titulado “A alternativa está aquí. As mulleres do sur como motor económico”, onde se explica o traballo de Implicadas no campo do xénero e en concreto o traballo cos grupos de aforro como forma alternativa de economía que está fóra dos circuitos habituais.

4. PRENSA E COMUNICACIÓN

No apartado de prensa e comunicación, no ano 2009 seguise a traballar no programa iniciado no ano 2007, coa creación do gabinete de Prensa e Comunicación e o de Departamento de Imaxe.

Grazas ao labor do gabinete de prensa, conseguise achegar contidos sobre o traballo de Implicadas a sociedade de xeito eficaz, sobre todo no tocante a cobertura de todos os actos, cursos, etc, que organiza a asociación mediante notas de prensa e convocatorias de roldas de prensa. Ao longo deste ano o

gabinete de prensa afondou na creación de redes cos medios de comunicación, incidindo sobre todo nos medios locais e mantendo actualizada axenda de medios.

Ao longo deste ano, dende o gabinete realizamos as seguintes actividades:

o Coordinación do boletín IMPLICATE! [A Nosa Terra]: No que se trata de dar visibilidade a temas de actualidade relacionados con Implicadas

o Redacción de reportaxes: Reportaxes na revista Altermundo e en diarios de ámbito galego e mesmo nacional (diario EL País)

o Redacción de notas de prensa e relacións cos medios de comunicación

Dende o departamento de imaxe, comunicación corporativa e publicidade, a organización xa ten unha gran experiencia en levar a cabo actividades nas que se pon énfase en dar visibilidade a visión e misión da organización.

Seguindo o obxectivo de definir unha estratexia de comunicación, en 2009 seguíuse a desenvolver o plan de comunicación de Implicadas, elaborado no ano 2007, no que se estableceron unha serie de accións encamiñadas a acercar a asociación aos principais grupos de interese (base asociativa e voluntariado) na sociedade, así como a darlle visibilidade e notoriedade a organización a través dos medios de comunicación. A organización conta na actualidade cunha estrutura de comunicación potente que esta a pleno rendemento.

Leváronse a cabo algunhas insercións puntuais en xornais e revistas galegas (moitas veces en forma de ‘trocós’ a cambio de colaboracións literarias de Maria Reimóndez), sobre todo con motivo de acontecementos importantes como o proxecto Auga para Etiopía ou o Implícate. Con todo, inserir publicidade con periodicidade mensual resulta un labor sumamente arduo, dificultado pola pouca colaboración do medios galegos e os altos prezos dos módulos.

Para finalizar, compre falar do obxectivo de poñer en valor o coñecemento da organización.

Neste sentido cabe destacar o interesante labor realizado na elaboración de publicacións propias, que deu moi bos resultados e que xa se atopa inmersa no proceso de creacións de novas publicacións de distinta índole (como o boletín Implícate que se distribúe co semanario A Nosa Terra).

5. ORGANIZACIÓN INTERNA

Para mellorar a xestión e a organización interna, Implicadas inicio no ano 2008 un Plan de Xestión baseado no traballo en equipo e no reparto de tarefas que se consolidou no ano 2009.

Con este obxectivo distribuíuse a todo o voluntariado e a todas as persoas que solicitaron o ingreso na organización o **Manual de Acollida do Voluntariado** no que se recollen as tarefas, dependendo do ámbito de actuación, que poden desenvolver as voluntarias/os de Implicadas, así como orientacións prácticas paro e desenvolvemento das mesmas.

Tamén se implantaron os protocolos de actuación e se fixo unha ampliación da Xunta directiva. Como centro de referencia para todo o voluntariado Implicadas conta cun local na cidade de Vigo, sé da Secretaría Técnica.

O local de Implicadas

Na actualidade a ONGD conta con un local en Vigo (Rúa Camelias 49 escaleira) onde se sitúa a sede de Implicadas e a súa secretaría técnica.

O centro de Vigo, ademais de ser a sede da organización, concíbese como un centro de documentación e exposicións que permitan a Implicadas continuar co seu labor de sensibilización crítica e de achegamento a cidadanía da realidade dos países do Sur. Conta cunha biblioteca e centro de recursos, e serve tamén como punto central no que desenvolver as actividades permanentes e de formación de Implicadas e de xuntanzas do voluntariado e da Xunta Directiva.

Protocolos de actuación

Tras unha análise en profundidade dos resultados obtidos logo de aplicar a DAFO de fortalezas e debilidades a organización viu a necesidade de emprender unha reorganización interna que mellorase a xestión e repartise o traballo de xeito máis equitativo entre todo o voluntariado, así como asegurase a continuidade do traballo diante de calquera eventualidade das voluntarias.

Como consecuencia desta acción no ano 2009 elaboráronse e implantáronse os protocolos e procedementos de actuación nos diferentes eidos o que contribuíu de xeito decisivo á un mellor funcionamento interno.

Nestes documentos se recollen as tarefas e xeito de proceder á hora de realizar determinadas tarefas.

Elaboráronse os seguintes protocolos:

Voluntariado -Secretaría técnica- Prensa e comunicación—Exposicións- Documentos- Convocatorias.

Xunta directiva

Pensando na participación do voluntariado nos procesos de toma de decisións fíxose, no ano 2009, unha ampliación da xunta directiva coa participación na mesma das coordinadoras dos diferentes equipos de traballo.

6. VOLUNTARIADO

O voluntariado e a base do traballo de Implicadas no Desenvolvemento xa que organización so conta cunha traballadora contratada a tempo parcial. Todas as actividades que lle son propias á organización dependen do traballo voluntario que se atopa espallado por todo o territorio galego e mesmo fora de Galicia. Por este motivo Implicadas promove dous tipos de voluntariado: presencial e virtual. Ámbalas dúas modalidades de voluntariado son igualmente importantes e decisivas á hora de levar a cabo a labor de Implicadas.

Voluntariado presencial

Na actualidade Implicadas No Desenvolvemento conta con catro grupos de voluntariado estables en catro das principais cidades de Galicia:

- Lugo
- Santiago
- Vigo.
- Pontevedra

En cada cidade hai un grupo definido de voluntarias/os que teñen a súa propia Planificación Anual de Actividades. Dende a ONGD ofréceselle a aquelas

persoas interesadas en colaborar con Implicadas a posibilidade de escoller a que grupo/cidade queren pertencer.

Cada grupo presencial de voluntariado se reúne a lo menos, unha vez ao mes para desenvolver a súa programación e contan cunha coordinadora, elixida polo grupo e que forma parte da Xunta Directiva.

Por outra parte, entre os proxectos de Implicadas encontrase a creación de grupos de voluntariado noutras cidades e vilas de Galicia.

No ano 2009 Implicadas contou con 36 voluntarias repartidas polos diferentes grupos locais.

Voluntariado virtual

Debido á multiplicidade de tarefas a desenvolver pola organización Implicads conta con grupos de traballo virtuais, especializados nos diferentes eidos de actuación:

Neste momento, ademais dos grupos de voluntariado estables existen equipos de traballo nos seguintes ámbitos:

- ✓ Prensa e comunicación
- ✓ Tradución
- ✓ Elaboración de documentación.
- ✓ Elaboración de proxectos
- ✓ Coordinación de exposicións.

Cada grupo está coordinado por unha voluntaria/o e o xeito de traballar é aproveitando a Internet como medio de comunicación e información. Cada grupo de traballo e mesmo cada grupo local posúe a súa lista de correo que facilita moito a comunicación malia a dispersión xeográfica. Tamén existe ficheiros “en liña” no que as voluntarias/os poden consultar toda a documentación que se vai xerando.

A organización contou no ano 2009 con 35 voluntarias/os par desenvolver tarefas de xeito virtual.

7. RELACIONES CON OTRAS ORGANIZACIONES

Durante 2009 estableceuse unha relación de colaboración entre Implicadas e Kinder-Not-Hilfe. Esta organización alemá con máis de 50 anos de experiencia

no traballo en cooperación entrou en contacto con Implicadas en Etiopía e valorou de xeito tan positivo o seu traballo que decidiu contratar á súa presidenta, María Reimóndez, como asesora no campo do xénero e tamén no de formación de grupos de aforro. Así, en 2009 esta colaboración materializouse en dúas actividades concretas:

- a) Seminario de formación para o departamento de Lationamérica celebrado en Duisburg, Alemaña, o 29 de marzo: o obxectivo do seminario era familiarizar ás persoas responsables das oficinas da organización en diferentes países lationamericanos coa metodoloxía dos grupos de aforro que KNH ten previsto poñer en marcha nesa rexión no futuro próximo. Ao curso asistiron 10 persoas que agora deberán actuar como catalizadoras da idea nos seus países para poder comezar a fase de implantación da metodoloxía, que estará tamén en mans de Implicadas.
- b) Visita de avaliación a grupos de aforro en Ruanda: durante os días 13 ao 19 de abril María Reimóndez realizou unha visita de avaliación do programa de grupos de aforro que KNH ten en marcha en Ruanda. Despois dunha intensa visita de traballo realizouse un detallado informe sobre as melloras que sobre todo dende o punto de vista do xénero son necesarias para conseguir un mellor rendemento do uso da metodoloxía.

8. FINANCIAMENTO

Conta de Resultados

Gastos

Os gastos do ano 2009 comparados co ano 2008 teñen un decremento do 11% na súa totalidade . En resumo as partidas mais importantes son:

1.- Proxectos na India e Etiopía.

	Ano 2009	Ano 2008
Proxectos na India.....	43.912,22€	21.671,76 €
Proxectos en Etiopia.....	51.249,67€	63.156,89 €
	95.161,89€	84.828,65 €

Ingresos

Na mesma comparación entre os dous anos temos unha baixa dos ingresos dun 8%. As partidas máis importantes son:

1.- Financiación propia

Base asociativa incremento dun 19% nas cotas , recadando un total de 11.842 €. O movemento o longo do 2009 foi o seguinte:

Numero de socias/os o fin de 2008.....	71
Altas de socias/os no ano 2009.....	11
Baixas de socias/os no ano 2009.....	-7
Base asociativa o fin de 2009.....	75

2.- Financiación Xunta de Galicia

	2009	2008
Proxecto Infanticidio Infantil en Salem	24.080 €	-----
Sensibilización	-----	12.748 €
Fortalecemento grupos de aforro en Mersa	-----	47.624 €
Consellería de cultura	3.360 €	2.885 €
Vicepresidencia	10.676 €	-----
Política lingüística	-----	1.807 €
Voluntariado	2.486 €	3.589 €
TOTAL	40.602 €	68.653 €

3.- Financiación local

	2009	2008
Concello de Lugo	----- €	3.300 €
Concello de Vigo	1.145 €	2.200 €
Deputación de Lugo	1.319 €	----- €
Fondo Galego de Cooperación	26.372 €	5.022 €
Concello do Ferrol	----- €	18.978 €
TOTAL	28.836 €	29.500 €

4.- Financiación particular

	2009	2008
Menoria	18.996 €	5.777 €
TOTAL	18.996 €	5.777 €

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2009

IMPUGNACIONES NO DESENVOLVIMIENTO		CONTA DE RESULTADOS (PERDAS E GANANCIAS)			Data 31-12-2009		
PERIODO: 01-01-09 / 31-12-09							
DEBE	EXERCICIO 2009	EXERCICIO 2008	%	HABER	EXERCICIO 2009	EXERCICIO 2008	%
#GASTOS	143.823,83	161.864,82	-11%	#INGRESOS	137.479,44	149.544,22	-8%
> DESENVOLVEMENTO URBANO EN TIRUCHY	22.550,00	11.090,00	103%	> FINANCIACIÓN PROPIA	49.045,09	40.612,46	21%
- Transferencias	22.400,00	11.000,00	104%	- Cotas asociadas/as	11.842,00	9.939,00	19%
- Folletos divulgativos		90,00	+100%	- Doacións	23.556,45	17.488,69	35%
- Gastos bancarios	150,00	#(D)/V(0)		- Ingresos captación de recursos	9.742,80	8.906,19	9%
> REHABILITACION E DESENVOLVEMENTO EN KARAIKAL	7.041,00	3.021,00	133%	- Ingresos Derechos libro O son das buguñas	1.319,42	1.501,25	+12%
- Transferencias	7.000,00	3.000,00	133%	- Ingresos Derechos libro Ua	847,67		
- Gastos bancarios	41,00	21,00	95%	- Ingresos Derechos libro Vanakkiam		425,20	+100%
> FORTALECIMENTO DOS GRUPOS DE AFORRO EN MERSA	20.208,05	50.445,09	-60%	- Ingresos Derechos libro Usha	1.443,55	2.351,83	-39%
- Transferencias	19.819,54	50.178,71	-61%	- Ingresos Derechos Editorial Nortidea	293,20		
- Outros gastos	250,00	#(D)/V(0)		> FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA	40.601,29	58.653,50	-41%
- Gastos bancarios	138,51	266,38	48%	- Voluntariado	2.485,58	3.589,52	
> PREVENCIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM	14.321,22	7.560,76	89%	- Sensibilización		12.748,00	+100%
- Transferencias	14.244,00	7.511,20	90%	- Fortalecemento grupos de aforro en Mersa		47.624,00	+100%
- Gastos bancarios	77,22	48,56	55%	- Proxecto infanticidio infantil en Salem	24.080,00		
> CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE GRUPOS EN ADDIS ABEBA	31.041,62	12.711,80	144%	- Consellería de cultura	3.359,81	2.884,88	16%
- Transferencias	26.740,80	12.654,80	111%	- Vicepresidencia	10.876,00		
- Salario Mohamed	4.147,12			- Política lingüística		1.807,00	+100%
- Gastos bancarios	153,70	57,00	170%	> FINANCIACIÓN LOCAL	28.836,41	29.500,40	-2%
> SENSIBILIZACIÓN	18.206,64	32.628,35	-44%	- Concello de Lugo		3.300,00	+100%
- Clóbs de cooperación		#(D)/V(0)		- Concello do Ferrol		18.978,00	
- Implicata	1.086,40	1.073,53	+2%	- Concello do Vigo	1.148,22	2.200,00	
- Avenda solidaria	1.917,22	1.917,22	0%	- Fondo Galego de Cooperación	26.372,00	5.022,40	426%
- Clóbs de Lectura	1.113,60	884,00	26%	- Deputación de Lugo	1.319,19		
- Memoria anual		2.375,88	+100%	> FINANCIACIÓN PARTICULAR	18.996,65	5.777,86	226%
- Exposicións		1.170,99	+100%	- Memoria	18.996,65	5.777,40	226%
- Vanakkiam	2.816,32	2.454,14	14%	- Intereses bancarios	0,85	0,48	+100%
- Conferencias Ambal e Bobby		4.156,20	+100%	> RESULTADOS EXTRAORDINARIOS	0,00	5.000,00	
- Auga para Biopla	2.218,34	10.922,60	-80%	- Resultados extraordinarios (Premio ou tamén navegar)		5.000,00	
- 10 anos de Implicadas		5.163,99	+100%	# RESULTADOS DO EXERCICIO (perdas)	5.344,39	12.320,00	
- Ano do xenero	9.083,76	2.500,00	263%				
> COMUNICACION	10.197,56	10.088,61	1%				
- Desenvolvemento pan de comunicación	10.197,56	10.088,61	1%				
> FORMACION DO VOLUNTARIADO	703,00	4.421,20	-84%				
- Manual do voluntario		4.016,48					
- cursos de formación	703,00	405,74	73%				
- Folletos divulgativos		#(D)/V(0)					
> GASTOS IMPLICADAS	19.555,74	23.481,31	-17%				
- Alquiler Local	5.558,00	5.558,00	0%				
- Salarios	8.585,64	8.595,36	0%				
- Folletos divulgativos	417,60	2.404,91	-83%				
- Gastos de viaxe	330,35	811,15	196%				
- Electricidade, auga, telefono	2.402,43	3.003,26	-68%				
- Gastos de envío	956,24	1.267,21	-25%				
- Outros gastos	391,62	1.226,16	-68%				
- Cota de coordinadora	300,00	150,00	100%				
- Gastos Bancarios	451,25	304,28	48%				
- Seguro voluntariado	152,61	150,98	1%				
> PUBLICACIONES	0,00	8.416,70					
- Unidade Didáctica de Etiopia		3.274,10					
- Unidade Didáctica do libro Vanakkiam		2.000,00					
- Boletín		1.142,60					
# RESULTADOS DO EXERCICIO (BENEFICIOS)	0,00	0,00	#(D)/V(0)				
# TOTAL	143.823,83	161.864,82		# TOTAL	143.823,83	161.864,82	

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2009

BALANCE DE SITUACIÓN					
IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMENTO					
PERÍODO: 01-01-09 / 31-12-09					
Data 31-12-09					
ACTIVO	EXERCICIO 2009	EXERCICIO 2008	PASIVO	EXERCICIO 2009	EXERCICIO 2008
# INMOBILIZADO	19.972,00	18.312,00	# FONDOS PROPIOS	53.832,10	60.176,49
> INMOBILIZACIONS INMATERIAIS	5.533,20	5.533,20	> FONDO SOCIAL	60.176,49	72.497,09
· Aplicaciones informáticas	5.533,20	5.533,20	· FONDO SOCIAL	60.176,49	72.497,09
> INMOBILIZACIONS MATERIAIS	13.638,80	11.978,80	> PERDAS E GANANCIAS (BENEFICIO OU PERDA)	-6.344,39	-12.320,60
· Mobiliario	10.150,36	9.150,36	· PERDAS E GANANCIAS (Perdas)	-6.344,39	-12.320,60
· Equipos para o proceso de informació	3.488,44	2.828,44	# ACREDORES A CURTO PRAZO	2.696,24	25.130,30
> INMOBILIZACIONS FINANCEIRAS	800,00	800,00	> ACREDORES COMERCIAIS	1.574,16	24.697,42
· Fianza local	800,00	800,00	· Proveedores	1.574,16	5.450,25
# ACTIVO CIRCULANTE	36.556,34	66.994,79	· Acredores		19.247,17
> DEBEDORES	25.019,24	56.136,42	> OUTRAS DÉBEDAS NON COMERCIAIS	1.122,08	432,88
· Clientes		1.000,00	· Organismos Seguridad Social acredores	216,08	216,88
· Administracions Publicas por subvencions	25.019,24	55.136,42	· Facenda Publica acredor	906,00	216,00
> TESOREIRIA	11.382,98	10.705,76			
· Caixa	258,86	423,23			
· Bancos	11.124,12	10.282,53			
> AXUSTES POR PERIODIFICACION	154,12	152,61			
· Gastos anticipados	154,12	152,61			
TOTAL ACTIVO	56.528,34	85.306,79	TOTAL PASIVO	56.528,34	85.306,79

9. CONCLUSIÓN

Nesta memoria se recolle o traballo realizado por Implicadas no Desenvolvemento no ano 2009.

Todas as actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das voluntarias e voluntarios que día a día fan posible que os principios que moven a Implicadas cheguen tanto aos países do sur como á sociedade galega.

Somos das poucas as organizacións que traballamos con ENFOQUE DE XÉNERO o que fai o noso traballo necesario se queremos un mundo máis xusto e igualitario.

Despois de once anos de traballo constante a organización segue medrando e co firme propósito de seguir adiante co seu traballo tanto en Galicia como nos países en vías de desenvolvemento.

Dende Implicadas queremos agradecer o traballo do voluntariado, anónimo e escaso de recoñecemento social, que fai posible un mundo mellor e representa a alternativa da sociedade civil diante dos valores establecidos.

Agradecemos tamén para as nosas socias e socios que co seu aporte económico fan posibles os proxectos.

Mención especial merecen tamén as nosas colaboradoras e colaboradores. Xentes de distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega nas que Implicadas atopa sempre apoio desinteresado e sen os que algunhas actividades non serían posibles.

A nosa gratitude ás xentes de Galicia por compartir con nós este proxecto de facer cooperación dende Galicia, en galego.